

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Secretaría Xeral

Convocatoria de prestacións de apoio ao comedor escolar do curso 2024/2025

CONVOCATORIA DE PRESTACIÓNS DE APOIO AO COMEDOR ESCOLAR DO CURSO 2024/2025

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Oleiros ven apoiando ás familias nos custos do comedor escolar desde fai varios anos a través de dúas liñas:

- Unha para aquelas familias en situación de especial vulnerabilidade reguladas na Ordenanza de Medidas pola Inclusión Social (OMIS) e xestionadas desde a concellería de Servizos Sociais e Igualdade
- Outra a través das axudas xestionadas desde a concellería de Ensino e Xuventude mediante unha convocatoria pública anual

A partir de agora, o Concello de Oleiros vai unificar a xestión de ambas liñas nunha soa, baixo a responsabilidade da concellería de Servizos Sociais e Igualdade e regulada na Ordenanza de Medidas pola Inclusión Social (OMIS)

Esta unificación require a modificación da dita ordenanza e, dados os trámites que precisa, impide que poidan ser efectivas desde o inicio do curso escolar 2024/2025, tal e como é o obxectivo.

Por este motivo, paralelamente á reforma que se está a facer da OMIS, publícase esta convocatoria excepcional para o curso 2024/2025 co fin de que todas as familias que teñan acceso a estas prestacións poidan beneficiarse das mesmas desde o primeiro día do vindeiro curso escolar. Nos sucesivos cursos esta convocatoria xa estará recollida na OMIS.

O obxectivo destas prestacións é tanto apoiar na cobertura das necesidades básicas de alimentación do alumnado, como contribuír á conciliación da vida persoal, familiar e laboral das unidades familiares que cumpran cos requisitos de acceso.

Está dirixida ao alumnado dos centros públicos de Oleiros nos que o servizo de comedor é xestionado polas ANPAS e coas que existe un convenio de colaboración, entre o Concello de Oleiros e a ANPA respectiva, para a xestión destas axudas. Polo tanto, en todo caso, a efectividade da prestación de apoio ao comedor escolar concedida estará sempre condicionada á dispoñibilidade por parte da ANPA de prazas no comedor de cada centro.

Artigo 1.- Obxecto da prestación de apoio ao comedor escolar

As prestacións de apoio ao comedor escolar son axudas económica de carácter finalista que teñen por obxecto cubrir o custo, íntegro ou parcial, da praza de comedor escolar dos centros públicos do Concello de Oleiros nos que a xestión do servizo do comedor corre a cargo das asociacións de nais e pais (ANPA).

Esta axuda é incompatible con calquera outra procedente de entidade pública ou privada para a mesma finalidade agás no caso da axuda para a rebaixa do custo do comedor que a ANPA puidese conceder ás familias sempre e cando, entre todas as axudas obtidas, non se supere o custo do servizo.

Artigo 2.- Importe e aplicación orzamentaria

O importe previsto para esta convocatoria estará recollido na partida orzamentaria 70.231.480.03 por un importe inicial de 15.000 euros no orzamento de 2024 (setembro-novembro 2024) e de 90.000 € no orzamento de 2025 (decembro 2024 e xaneiro a xuño 2025), podendo incrementarse ata en 18.000,00 € mais no 2024 de aprobarse unha modificación de orzamento polo Pleno.

Está previsto que estas partidas poidan incrementarse en función do número de solicitudes presentadas e tras facer efectivos os trasposos do orzamento que para este fin figuraba ata o de agora no orzamento da concellería de ensino e xuventude.

Artigo 3.- Requisitos das familias beneficiarias

Os requisitos xerais para ter dereito a estas axudas son os seguintes:

a) Ter residencia efectiva e estar de alta no Padrón Municipal do Concello de Oleiros cunha antigüidade mínima de catro meses. Poderá exceptuarse deste requisito cando así se valore por parte do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais de acordo á gravidade ou ao carácter sobrevido da súa situación. Esta excepcionalidade deberá estar recollida no informe proposta que se faga da concesión das axudas.

b) Que o alumnado para o que se solicita a axuda estea escolarizado nun centro de ensino público de Oleiros que conte con servizo de comedor xestionado pola ANPA coa que se teña asinado un convenio de colaboración para a concesión destas axudas.

c) Acreditar a situación económica e laboral da unidade de familiar, así como colaborar á hora de proporcionar a información e a documentación necesaria para poder valorar cada solicitude.

d) Considérase unidade familiar/convivencia ao conxunto de persoas que conviven no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente.

Poderase valorar que nun domicilio convivan máis dunha unidade familiar e considerarse independentes, cando así estea xustificado por parte do equipo de profesionais dos servizos sociais comunitarios de Oleiros.

A efectos de ingresos computarase como tal o 5% de todas aquelas propiedades que figuren no Catastro a nome das persoas conviventes que e non teñan a consideración de vivenda habitual.

e) Os ingresos da unidade familiar non poderán superar os límites establecidos. A determinación das contías límites de acceso teñen como referencia unha porcentaxe do IPREM en vigor no momento da publicación da convocatoria (ver táboa*), ao que se lle incrementará a suma das porcentaxes correspondentes por cada persoa da unidade familiar a maiores da solicitante, seguindo os criterios establecidos na lei de inclusión social de Galicia para o cálculo da risga: 14% do IPREM para a segunda persoa, 12% para a terceira e 10% para a cuarta e sucesivas.

*Táboa de límites de ingresos iniciais para cada tramo de axuda:

LIMITE DE PARTIDA	PORCENTAXE DA AXUDA
90% IPREM	100%
150% IPREM	60%
200% IPREM	40%

No anexo II da presente convocatoria recollese un cadro cos importes límites para cada unidade familiar, en función do número de persoas conviventes, de acordo ao IPREM en vigor no momento da convocatoria, co fin de facilitar ás persoas interesadas os ditos límites.

f) Computaranse como ingresos todos aqueles ingresos netos que existan na unidade familiar en concepto de rendas, retribucións, pensións, prestacións... agás aqueles que teñan un carácter finalista e o complemento familiar da Seguridade Social.

No suposto da libranza para coidados no entorno familiar por dependencia poderanse descontar deses ingresos aqueles gastos dirixidos a terapias e atencións persoais á persoa dependente regulares debidamente xustificadas.

g) Para o cálculo deste límite de ingresos poderase descontar o importe correspondente ao aluguer ou pago da hipoteca da vivenda habitual.

O importe máximo a descontar establécese de acordo ao número de persoas da unidade familiar recollido no seguinte cadro.

IMPORTE MÁXIMO A DESCONTAR DOS INGRESOS DA UNIDADE FAMILIAR EN CONCEPTO DE ALUGUER/HIPOTECA	
1-2 PERSOAS	500,00€
3-4 PERSOAS	550,00€
5 ou máis PERSOAS	600,00€

Tamén poderanse descontar dos ingresos os gastos destinados ao pago de pensións de alimentos para fillos/as sempre e cando se acredite o seu pago real e efectivo.

En todos os casos descontarase un importe básico, sen necesidade de xustificación, en concepto xeral de subministracións básicas nunha contía establecida de acordo ao número de persoas da unidade familiar recollido no seguinte cadro:

IMPORTE MÁXIMO A DESCONTAR DOS INGRESOS DA UNIDADE FAMILIAR EN EN CONCEPTO DE SUBMINISTROS BÁSICOS	
1-2 PERSOAS	30,00€
3-4 PERSOAS	40,00€
5 ou máis PERSOAS	50,00€

h) As axudas contempladas nesta convocatoria, non teñen a consideración de subvencións de acordo coa Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, que no seu artigo 29 modifica o artigo 2.a da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante non poderá ser debedora da Facenda Municipal ningunha das persoas computables da unidade familiar. No caso de así fora e co fin de non empeorar a situación debedora coa Facenda Local, as ditas persoas poderán solicitar unha moratoria do pago ou un fraccionamento da débeda nos termos e coas características que, en todo caso, determine en cada momento a Oficina de Recadación Municipal. Para este trámite os Servizos Sociais Comunitarios de Oleiros emitirán un informe de vulnerabilidade se así é necesario.

Artigo 4.- Solicitudes e documentación

1. As solicitudes deberán presentarse no formulario normalizado que figura como anexo I desta convocatoria no rexistro xeral do Concello de Oleiros ou ben nas oficinas de Servizos Sociais en Villa Echeverry en Perillo (Avda. Che Guevara 45). Tamén poderán presentarse a través da Sede Electrónica.

2. O prazo de presentación de solicitudes rematará aos dez días hábiles que empezarán a contar dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

3. A presentación da solicitude fóra do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causa de inadmisión.

4. Co fin de poder valorar a situación deberán presentar con carácter xeral a seguinte documentación:

a) Documento de identificación persoal (DNI ou NIE) de todas as persoas da unidade familiar. En caso de persoas estranxeiras comunitarias (pasaporte ou documento de identificación do seu país de orixe máis o NIE)

b) Todas as persoas que forman parte da unidade de convivencia deberán asinar no modelo de solicitude a autorización necesaria para consultar os seus datos ante a Oficina de Recadación Municipal, Axencia Tributaria, o INSS e o Catastro co fin de poder valorar a súa situación económica e a súa obriga de estar ao día nas obrigas tributarias con Concello de Oleiros.

c) Libro de familia ou documentos que xustifiquen a filiación entre as persoas da unidade de convivencia (como por exemplo partida de nacemento, acta de matrimonio, sentenza de separación ou divorcio...)

d) Documentación acreditativa que xustifique a existencia dos gastos recollidos nos artigos 3 f) e g) para poder telos en conta.

No suposto de que existan circunstancias que varíen notablemente as situación económicas que figuren neses organismos no momento da comprobación, poderán presentar documentación xustificativa dos ingresos da unidade familiar de todo o ano natural en curso ata ese momento (do 01/01/24 ata o momento da solicitude) coa correspondente documentación que o acredite.

Co fin de poder facer una valoración o máis axeitada posible de cada situación e determinar a idoneidade ou non da concesión da axuda, os Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Oleiros poderán requirir calquera outra documentación que se estime necesaria con este fin.

Artigo 5.- Contía das axudas

A contía da axuda concedida será unha porcentaxe do custo mensual do servizo de comedor escolar e será calculado en función dos ingresos e gastos na unidade de convivencia de acordo ao recollido na táboa do artigo 3 e) e do anexo II.

O custo mensual do servizo de comedor vén establecido polas entidades xestoras, é dicir, polas ANPAs en función do número de días de uso do servizo, e quedará reflectida nos correspondentes convenios anuais asinados co Concello de Oleiros para este fin.

Artigo 6.- Procedemento de tramitación

O procedemento seguido para a concesión das axudas será o de concorrencia competitiva en función da renda. No suposto de que o número de familias beneficiarias que cumpren os requisitos superase a previsión orzamentaria recollida no artigo 2, serán rexeitadas as solicitudes correspondentes ás familias que acaden unha renda máis elevada ata esgotar o crédito dispoñible.

A instrución do procedemento corresponderá a un órgano instrutor integrado por unha educadora social, que estará apoiada polo persoal administrativo.

A valoración das solicitudes será realizado por un órgano colexiado denominado Comisión de Valoración e que estará integrado por unha auxiliar administrativa, unha educadora social, distinta da que integra o órgano instrutor, unha traballadora social e pola coordinación do Departamento de Servizos Sociais.

O procedemento comprenderá as seguintes actuacións:

- Unha vez rematado o prazo de solicitudes efectuarase a avaliación das mesmas por parte da Comisión de Valoración, quen poderá solicitar o apoio que estime oportuno do resto do equipo da concellería de Servizos Sociais e igualdade para a valoración das solicitudes.

- Tras esa valoración elaborará unha listaxe provisional co estado de cada solicitude, aos efectos da súa publicación e exposición pública. Os estados da solicitude poderán ser:

- Completa: no caso de que a solicitude conte con toda a documentación e requisitos necesarios para a súa valoración.

- Incompleta: no caso de que a solicitude non reúna toda a documentación necesaria para a súa valoración ou falte algún dos requisitos para a súa comprobación. Neste suposto, na listaxe provisional, recollerase a documentación ou requisito que falte.

- Fóra de prazo: cando a solicitude presentada non respecte ás datas establecidas na convocatoria.

- Outros: calquera outra situación que non se axuste ás tres opción anteriores.

- Esta listaxe será publicada no taboleiro de edictos do Concello de Oleiros e no taboleiro das oficinas do propio Departamento de Servizos Sociais e Igualdade, informarase á poboación da súa publicación a través da web municipal, dos paneis informativos, así como por SMS aos teléfonos móbiles que se indiquen na solicitude.

- Unha vez publicada a listaxe provisional abrirase un prazo de dez días hábiles, a contar a partir do día seguinte da súa publicación, para que as persoas interesadas presenten a documentación requirida e/ou as alegacións que estimen oportunas, advertindo que, no caso de non emendar en prazo, vaise propoñer a súa denegación.

- Tras rematar o prazo de presentación de alegacións e de documentación requirida a Comisión de Valoración estudará toda a documentación achegada co fin de elaborar unha proposta de resolución definitiva para trasladar ao órgano instrutor. A avaliación das solicitudes efectuarase de conformidade aos criterios, formas e prioridades de valoración establecidas nesta convocatoria.

- O órgano instrutor formulará unha proposta de resolución que trasladará ao órgano concedente, a concelleira de servizos Sociais e Igualdade, para a súa concesión.

- Tanto a listaxe provisional requirindo documentación como a resolución definitiva, coas concesións e denegacións, estará ordenada alfanuméricamente –en orde ascendente– segundo o número de identificación persoal da persoa solicitante.

- Na resolución definitiva figurarán todas as persoas solicitantes con dereito á dita prestación, ata esgotar o orzamento previsto, sempre e cando cumplan todos os requisitos e non superen os límites establecidos no artigo 3 desta convocatoria, así como as solicitudes denegadas e os motivos de denegación.

- A resolución definitiva deberá ditarse no prazo de catro meses desde que remate o prazo de presentación das solicitudes. De non adoptarse resolución expresa neste prazo, entenderase desestimada a solicitude.

- A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderase interpor un recurso potestativo de reposición ante a sexta tenencia de alcaldía delegada da área de Servizos sociais e Igualdade (potestade delegada polo Decreto de Alcaldía nº 2023003281, de 21/06/2023), no prazo dun (1) mes desde a notificación do acordo, ou directamente o recurso contencioso administrativo ante o xulgado deste orden da Coruña, no prazo de dous meses desde a notificación do acordo.

- Cando se acredite que a persoa solicitante ten a condición de vítima de violencia de xénero mediante orde de protección, a publicación no taboleiro de anuncios será substituída pola notificación individual, cando así se solicite polas persoas interesadas, ou o Concello o considere oportuno por dito motivo, aínda que non fose solicitado expresamente.

Artigo 8.-Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas solicitantes deberán comunicar calquera alteración das circunstancias que deron lugar á concesión da prestación de apoio ao comedor escolar. Asemade, deberán facilitar tanta información lle sexa requirida polo Concello de Oleiros en relación coa dita prestación.

Artigo 9.- Xustificación e pagamento.

1. O pagamento das prestacións de apoio a comedor escolar faranse mensualmente, na porcentaxe que corresponda en cada caso (100%, 60% e 40%), tras a correspondente certificación polas ANPAS de acordo aos termos recollidos nos convenios asinados para este curso 24/25.

2. As persoas que foran beneficiarias do 60% e do 40% deberán facer directamente o pago da contía restante nos termos que acorden desde cada ANPA.

Artigo 10.- Reintegro.

No caso de incumprimento dalgunha das obrigas sinaladas nestas bases por parte da persoa beneficiaria ou da ANPA, iniciárase o expediente de reintegro das cantidades indebidamente pagadas polo procedemento de apremo.

ANEXO 1:- MODELO DE SOLICITUDE

SOLICITUDE DE PRESTACION DE APOIO A COMEDOR ESCOLAR CURSO 2024/2025

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS		DNI/NIE	
-----------------	--	---------	--

ENDEREZO		CP	
----------	--	----	--

ENDEREZO ELECTRÓNICO		TELÉFONO	
----------------------	--	----------	--

ALUMNADO PARA O QUE SE SOLICITA A PRESTACIÓN

NOME E APELIDOS	CURSO	CENTRO ESCOLAR	DIAS DE ASISTENCIA

AUTORIZACIÓNS (ASINAR TODAS AS PERSOAS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA INCLUIDA A PERSOA SOLICITANTE)

Co fin de reunir os datos necesarios para poder tramitar e valorar a presente solicitude de prestacións de apoio a comedores escolares, as persoas abaixo asinantes autorizan (1) ao Concello de Oleiros a consultar os datos necesarios nas seguintes administracións:

- CATASTRO** (información catastral)
- AXENCIA TRIBUTARIA** (información dos datos tributarios na declaración do IRPF)
- INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL** (se percibe ou non pensión do INSS)
- RECADACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE OLEIROS** (se ten débedas)

NOME E APELIDOS	DNI/NIE	SINATURA

(1) De acordo co disposto na lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados por esta Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude e que os mesmos serán conservados durante o prazo estritamente necesario para cumprir coa finalidade mencionada anteriormente. Estes datos serán tratados de xeito confidencial, lícito, leal, transparente, adecuado, pertinente, limitado, exacto e actualizado, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei para a tramitación da prestación solicitada. Mentres non nos comuniquemos o contrario, entenderemos que os seus datos non se modificaron, que vostede se compromete a notificarnos calquera variación nos mesmos e que temos o seu consentimento para utilizalos para as finalidades mencionadas. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidade, supresión e limitación do tratamento dos seus datos de carácter persoal, usando o procedemento de exercicio de dereitos de sede electrónica.

Oleiros, de de

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE _____

LUGARES DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN:**- REXISTRO XERAL DO CONCELLO:**

Praza de Galicia 1. 15173 - Oleiros. Horario de 8:30 - 14:00h

- CASA ECHEVERRY:

Avenida Ernesto Che Guevara 45. 15172 - Perillo. Horario de 9:00 - 14:00h

DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán presentarse no formulario normalizado no rexistro xeral do Concello de Oleiros ou ben nas oficinas de Servizos Sociais en Villa Echeverry en Perillo (Avda. Che Guevara 45) Tamén poderán presentarse a través da Sede Electrónica.

5. O prazo de presentación de solicitudes rematará aos dez días hábiles que empezarán a contar dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

6. A presentación da solicitude fóra do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causa de inadmisión.

7. Co fin de poder valorar a situación deberán presentar con carácter xeral a seguinte documentación:

e) Documento de identificación persoal (DNI ou NIE) de todas as persoas da unidade familiar. En caso de persoas estranxeiras comunitarias (pasaporte ou documento de identificación do seu país de orixe máis o NIE)

f) Todas as persoas que forman parte da unidade de convivencia deberán asinar no modelo de solicitude a autorización necesaria para consultar os seus datos ante a Oficina de Recadación Municipal, Axencia Tributaria, o INSS e o Catastro co fin de poder valorar a súa situación económica e a súa obriga de estar ao día nas obrigas tributarias con Concello de Oleiros.

g) Libro de familia ou documentos que xustifiquen a filiación entre as persoas da unidade de convivencia (como por exemplo partida de nacemento, acta de matrimonio, sentenza de separación ou divorcio...)

h) Documentación acreditativa que xustifique a existencia dos gastos recollidos nos artigos 3 f) e g) da convocatoria para poder telos en conta.

No suposto de que existan circunstancias que varíen notablemente as situación económicas que figuren neses organismos no momento da comprobación, poderán presentar documentación xustificativa dos ingresos da unidade familiar de todo o ano natural en curso ata ese momento (do 01/01/24 ata o momento da solicitude) coa correspondente documentación que o acredite.

Co fin de poder facer una valoración o máis axeitada posible de cada situación e determinar a idoneidade ou non da concesión da axuda, os Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Oleiros poderán requirir calquera outra documentación que se estime necesaria con este fin.

Oleiros, 01 de xullo de 2024

A ALCALDESA ACCIDENTAL,

Margarita Figueroa Vázquez

2024/4663